



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Contra os despedimentos en Telefónica Mobilización dos traballadores e traballadoras

A empresa despediu, botando man da reforma laboral, a unha traballadora de Madrid e un traballador de Barcelona

Dende a CIG non nos cansamos de repetir que a reforma laboral aprobada polo goberno, feita tal e como desexaba o capital e as grandes empresas, tería graves consecuencias para a clase traballadora. Algúns pensaban que nós non corriamos perigo, que estas cousas non pasarían na Telefónica, a empresa encargouse de botar por terra esa idea.

Os despedimentos que acaba de facer efectivos a empresa, botando man do artigo que permite poñer na rúa traballadores e traballadoras que tiveron baixas laborais xustificadas, é dunha ruindade extrema.

Estas actuacións deixan ben claro ata onde é capaz de chegar a dirección da empresa, non lles importa a situación de vulnerabilidade de quen está de baixa médica, só miran para os resultados económicos para engordar aínda máis os seus petos. Tamén pretenden estender o medo por todo o cadro de persoal, dando exemplo do que son capaces de facer para medrar a costa dos nosos dereitos.

A CIG entende que son os Comités de Barcelona e Madrid os que teñen que iniciar e liderar as mobilizacións, xa o teñen feito convocando paros e concentracións, pero o Comité Intercentros non pode quedar parado. Está obrigado a esixirle á empresa a readmisión inmediata dos despedidos e, de non acceder a empresa, mobilizar a todos os traballadores e traballadoras para que estas persoas sexan readmitidas, non cabe outra postura, ante os despedimentos non se pode mirar para outro lado.

Dende a CIG apoiaremos todas as medidas que se poidan levar adiante para darlle a volta a esta situación, nós sempre defendemos a mobilización como ferramenta para defender os dereitos da clase traballadora.

Dámoslle todo o ánimo e expresamos os nosos parabéns ao Comité de Barcelona que foi quen de acordar unha xornada de paro de 24 horas e mobilizacións, polo que sabemos os traballadores e traballadoras de Barcelona están respondendo con contundencia e con ánimo para seguir adiante ate que o despedido sexa readmitido, é o que cómpre facer diante destas agresións inxustificadas da empresa.

En Madrid tamén se están a iniciar as mobilizacións e as xornadas de paro, desexamos que teñan o mesmo seguimento que en Barcelona. De seguro que outras provincias irán sumándose a estas mobilizacións. A qué espera o Comité Intercentros?

Mobilización ate a readmisión !!!

A Coruña 14 de febreiro de 2011